

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 27 de decembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1473).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de decembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1474).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.875,27 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA - MES DE NOVEMBRO DE 2013. EXPTE. 89463/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10/12/13, da técnica de actividades económicas, conformado polo xefe de área e máis pola concelleira-delegada; visto o informe de fiscalización do 17/12/13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 8.875,27 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIONATARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación de servizos de teleasistencia durante o mes de novembro de 2013.

Segundo.- Imputar o gasto de 8.875,27 euros á partida orzamentaria 2310.2279911 "Teleasistencia", minorando dito importe do RC 201300081478 de 17.820,88 euros.

3(1475).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.875,27 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA – MES DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 89576/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 16/12/13, da técnica de actividades económicas, conformado polo xefe de área e máis pola concelleira-delegada; visto o informe de fiscalización do 19/12/13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 8.875,27 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIONATARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación de servizos de teleasistencia durante o mes de decembro de 2013.

Segundo.- Imputar o gasto de 8.875,27 euros á partida orzamentaria 2310.2279911 "Teleasistencia", minorando dito importe do RC 201300081478 de 17.820,88 euros.

4(1476).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 11.061,92 € A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA UAD CEDRO E NAS UBAS – NOVEMBRO E DECEMBRO 2013. EXPTE. 2054/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10/12/13, da técnica de servizos económicos, conformado polo xefe de área e máis pola concelleira-delegada; visto o informe de fiscalización do 19/12/13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 11.061,92 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de novembro e de decembro de 2013.

Segundo.- Imputar o gasto de 11.061,92 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 "Contratación Servicio Seguridade", minorándoo do RC 201300076409.

5(1477).- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 19.12.13 SOBRE RELATIVO Á CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DERRUBA DO ANTIGUO RESTAURANTE “AS DORNAS”. EXPTE. 7004/307.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

6(1478).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.922,17 € A FAVOR DE IMAXINERÍA S.L. POLO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO NO PERÍODO DO 9.11.13 AO 30.11.13. EXPTE. 15569/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 12-12-13, do técnico de actividades culturais, conformado polo concelleiro de área e pola concelleira de Facenda; visto o informe da Intervención do 18-12-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Validar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 022-13 (doc. num. 130144448) por importe de 5.922,17 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o periodo comprendido entre o 9/11/13 e o 30/11/13, de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de IMAXINERÍA SL, por un importe de 5.922,17 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o periodo comprendido entre o 9/11/13 e o 30/11/13.

Terceiro.- Recoñecer as obrigas a favor de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372, polo importe de 5.922,17 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o periodo comprendido entre o 9/11/13 e o 30/11/13 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 08/11/13 na partida 3210 2279903 “Escola municipal de teatro” do vixente presuposto.

7(1479).- SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN A D^a BEGOÑA ECHEGARAY PÉREZ. EXPTE. 10669/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-12-13, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar á directora do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA”, traballadora deste Concello, D^a Begoña Echegaray Pérez, con número de persoal 80944, a por a disposición do Servizo de Emprego o seu vehículo particular para os

desprazamentos desde a ubicación do obradoiro de emprego aos diferentes organismos e empresas que traballen co obradoiro dentro do horario laboral, e sempre que proceda.

Segundo.- En contraprestación remunerarase á citada traballadora mediante o abono dos gastos de locomoción habidos.

Terceiro.- A xustificación farase de igual maneira que a do persoal doutros servizos que teñan recoñecida a percepción destes gastos de locomoción.

8(1480).- RELACIÓN DE XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102280/104.

Visto o informe do interventor xeral, do 19.12.13, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201300054370	9120.2200100	700,00	698,99	26/08/13	02/12/13	26/11/13	1,01	--
Alonso Ferragud Santiago	201300066121	9222.2210300	2.000,00	1.397,67	14/10/13	11/12/13	14/01/14	602,33	-
Escariz Couso Alberto	201300057465	9221.1620001	74,00	53,00	09/09/13	02/12/13	09/12/13	21,00	-
Escariz Couso Alberto	201300057467	9220.2302000	806,17	799,95	09/09/13	02/12/13	09/12/13	6,22	-
Escariz Couso Alberto	201300057471	9220.2312001	720,00	400,71	09/09/13	02/12/13	09/12/13	319,29	-
Escariz Couso Alberto	201300070956	9220.2219901	140,00	140,00	28/10/13	07/11/13	28/01/14	----	-
Espada Recarey Luís	201300060206	1693.2260100	1.000,00	863,80	23/09/13	19/11/13	23/12/13	136,20	-
Espada Recarey Luís	201300063347	1693.2330000	3.576,00	3.576,00	02/10/13	16/12/13	02/01/14	----	-
Espada Recarey Luís	201300068570	1693.2300000	750,00	----	21/10/13	16/12/13	21/01/14	750,00	--
Espada Recarey Luís	201300068571	1693.2310000	750,00	----	21/10/13	16/12/13	21/01/14	750,00	--
Espada Recarey Luís	201300073853	1693.2279900	17.999,00	16.446,00	08/11/13	27/11/13	08/02/14	1.553,00	-
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201300079715	1694.2330000	700,00	700,00	05/12/13	12/12/13	05/03/14	----	-
Magdalena Vila Mª Jesús	201300054371	9310.1620000	630,00	630,00	29/08/13	14/11/13	29/11/13	----	-
Magdalena Vila Mª Jesús	201300054372	9310.2302000	328,81	310,11	29/08/13	14/11/13	29/11/13	18,70	-

Magdalena Vila M ^a Jesús	201300054373	9310.2312000	450,00	427,71	29/08/13	14/11/13	29/11/13	22,29	-
Magdalena Vila M ^a Jesús	201300054374	9310.1620000	630,00	630,00	29/08/13	14/11/13	29/11/13	----	-
Magdalena Vila M ^a Jesús	201300054375	9310.2302000	328,81	310,11	29/08/13	14/11/13	29/11/13	18,70	-
Magdalena Vila M ^a Jesús	201300054376	9310.2312000	450,00	432,83	29/08/13	14/11/13	29/11/13	17,17	-
Otero Lamas Francisco	201300064577	3133.4800000	4.000,00	3.706,85	10/10/13	12/12/13	10/01/14	293,15	--
Otero Lamas Francisco	201300073851	3133.2279903	100,00	44,00	08/11/13	10/12/13	08/02/14	56,00	-
Quintela Rodríguez M ^a José	201300050691	2310.4800000	70.000,00	70.000,00	07/08/13	28/11/13	07/11/13	----	--
Quintela Rodríguez M ^a José	201300072792	2310.4810000	365.000,00	362.862,56	07/11/13	04/12/13	07/02/14	2.137,44	-
Quintela Rodríguez M ^a José	201300074571	2310.4810000	4.541,28	4.541,28	14/11/13	28/11/13	14/02/14	----	-
San Luis Costas Avelino	201300051993	9120.2269900	1.000,00	701,93	13/08/13	05/12/13	13/11/13	298,07	-
San Luis Costas Avelino	201300051994	9120.2310000	1.000,00	1.039,50	13/08/13	29/11/13	13/11/13	----	39,5
San Luis Costas Avelino	201300054368	9120.2260100	3.000,00	2.853,14	29/08/13	09/12/13	29/11/13	146,86	--
San Luis Costas Avelino	201300068574	9120.2300000	584,56	584,56	21/10/13	03/12/13	21/01/14	----	-
Vieites Alén José Manuel	201300066120	9220.2260300	6.000,00	5.997,25	11/10/13	02/12/13	11/01/14	2,75	-
Vivero Mijares Antonio	201300057461	1340.2269901	10.250,00	10.247,40	10/09/13	12/12/13	10/12/13	2,60	-
Vivero Mijares Antonio	201300067693	1330.1620000	120,00	----	21/10/13	07/11/13	21/01/14	120,00	--
Vivero Mijares Antonio	201300067696	1330.2312000	600,00	168,43	21/10/13	07/11/13	21/01/14	431,57	-
Vivero Mijares Antonio	201300067697	1330.2302000	140,77	103,37	21/10/13	07/11/13	21/01/14	37,40	--
TOTAL			498.369,40	490.667,15				7.741,75	39,50

9(1481).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 1748/334.

Mediante providencia de data 20.12.13, a concelleira de Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo

réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de decembro de 2013, que son os seguintes:

Expediente	1718-334. Actividade dinamizadora da lingua galega "Paseniño coa lingua" para escolares
Decreto concelleira	data 3 de decembro de 2013
Informe Intervención	RC 80788
Adxudicatario	Mekané Didáctica, S.L.U.
Importe	6.325,00 euros

Expediente	1737-334. Actividades de Nadal, a través do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo
Decreto concelleira	data 17 de decembro de 2013
Informe Intervención	RC 83787
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	3.558,10 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(1482).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 77.576,18€ A FAVOR DE "PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS" POLO ASEGURAMENTO DA FLOTA MUNICIPAL NO CUARTO TRIMESTRE DO 2013. Expte. 10135/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.12.13, o informe de fiscalización do 20.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo do Parque Móbil, do 17.12.13, conformado polo xefe de Área e polo concelleiro delegado de Fomento e Novas Tecnoloxías, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á Nota de Cargo nº 2013/044175 de data 3 de decembro de 2013, presentada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo pola Correduría de Seguros B.V.C. Artai S.A. con data 4 de decembro, correspondente á prestación por Plus Ultra Seguros Generales y Vida S.A de Seguros y Reaseguros durante o cuarto trimestre de 2013.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa "Plus Ultra Seguros Generales y Vida S.A de Seguros y Reaseguros", polo importe de 77.576,18 euros para a prestación antes indicada que figura na referida Nota de Cargo.

Terceiro.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida Aseguradora e polo indicado importe, con cargo á aplicación orzamentaria 9222.224.00.00 "Seguro de

vehículos” do vixente orzamento municipal. O importe deberá facerse efectivo na conta ao efecto da Correduría B.V.C. Artai, S.A., tal e como figura na Nota de Cargo para o seu abono á Aseguradora.

11(1483).- COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL- RECEPCIÓN DE CONFORMIDADE DA PRIMEIRA E SEGUNDA ENTREGA DA FASE I. EXPTE. 19654/240.

Dáse conta do informe-proposta do secretario de Admón. Municipal, do 23.12.13, que di o seguinte:

Recibiuse neste Concello a documentación referente ás entregas parciais primeira e segunda á que se refire o apartado A. II (1ª fase) da cláusula XI (Programa de desenvolvemento e execución dos traballos) do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de outubro de 2010 e adxudicado a SCI S.C. INTEGRAL S.L. (expediente 18994-240), en sesión do 11 de maio de 2012, acompañada das facturas correspondentes a os traballos realizados (números de rexistro de entrada 130148715 e 130148718), por importe de 41.251,96 euros cada unha.

Analizada a documentación obsérvanse que o seu importe é o que establece o número 18 das FEC: 1/10 por cada unha das entregas ás que fai referencia a cláusula XI-3-A)- II do prego de prescricións técnicas, que o número das fichas presentadas é de mais das 2.000 que esixe o prego e que ven acompañada da Memoria a que se refire o apartado 1.2 da cláusula XI do prego e os expedientes individualizados aos que se refire o apartado 3 da cláusula 4 do mesmo prego.

O Xefe de Cartografía e Delineación, como técnico municipal coordinador e director técnico dos traballos de comprobación, revisión e actualización do Inventario, informa, con data 18 de decembro de 2013 que a empresa xa presentou 2775 propiedades completas, e outras 1376 que están pendentes da súa verificación e comprobación por parte dos técnicos municipais, e que, polo tanto, dende o punto de vista técnico, non hai inconveniente a que se proceda ao aboamento das facturas presentadas.

Polos motivos expostos o funcionario que subscribe, considerando que os pagamentos parciais que se realicen deben considerarse co carácter de a conta do que resulte da entrega total dos traballos e que queda pendente a terceira entrega da primeira fase dos traballos, e tendo en conta o que establecen os apartados 3 e 4 da cláusula VIII do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo e as Resolucións da Alcaldía de datas 19 de setembro de 2011 e 20 de marzo de 2013, propón á Xunta de Goberno, competente en canto órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Recibir de conformidade as entregas parciais primeira e segunda dos traballos de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo efectuada pola empresa SCI S.C. INTEGRAL S.L.

Segundo: Aprobar as facturas correspondentes aos traballos realizados (números de rexistro de entrada 130148715 e 130148718), por importe de 41.251,96 euros cada unha.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1484).- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTELEIROS DE VIGOVELLO E A SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO PARA UN PROGRAMA DE “COMERCIO Á RÚA”. EXPTE. 6851/307.

Visto o informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 12.12.13, conformado pola concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o documento de II Prórroga do Convenio de colaboración asinado na data do 10/01/2013 entre o Concello de Vigo e as entidades Asociación de Comerciantes e Hosteleiros de Vigovello e a Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio para un programa de comercio á rúa, que se acompaña xunto con esta proposta, e que estará vixente dende o 01/01/2014 ata o 31/12/2014.

II PRÓRROGA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTELEIROS VIGOVELLO E A SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO PARA UN PROGRAMA DE COMERCIO Á RÚA

En Vigo, a de xaneiro de 2014.

R E U N I D O S

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde – Presidente do Concello de Vigo.

Doutra Dna. Milagros Domínguez Fernández, en calidade de Presidenta da Asociación de Comerciantes e Hosteleiros de Vigovello.

Doutra Dna. Ana Isabel Castro Davila, en calidade de Presidenta da Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio,
E X P O Ñ E N

Primeiro.- Que o Concello de Vigo e as entidades Asociación de Comerciantes e Hosteleiros de Vigovello e Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio asinaron un convenio de colaboración para un programa de comercio á rúa na data do 10/01/2013; este Convenio fora aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 04/01/2013. Na data do 13/09/2013 asínase unha prórroga deste convenio con vixencia ata o 31/12/2013 e se acorda, seguindo o recollido na cláusula terceira do Convenio, que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes durante a vixencia do mesmo de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma.

Segundo.- Que as tres institucións están de acordo en que o cumprimento das obrigas asumidas foron cumpridas por cada unha delas nos propios termos do convenio e que os

obxectivos buscados a través da sinatura do convenio foron dabondo acadados, polo que atopan razóns suficientes que xustifican a prórroga do convenio suscrito e están de acordo co mantemento deste instrumento de colaboración como medio idóneo para contribuir á rehabilitación económica, cultural e comercial do centro histórico de Vigo e, polo tanto,

ACORDAN

A subscrición do presente documento de Prórroga do Convenio de colaboración asinado na data do 10/01/2013 entre o Concello de Vigo e as entidades Asociación de Comerciantes e Hosteleiros de Vigovello e a Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio para un programa de comercio á rúa, que se rexirá polas mesmas estipulacións salvo a cláusula terceira.- VIXENCIA, que quedará redactada da seguinte forma: "A vixencia do presente convenio será dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o día 31 de decembro de 2014. Este prazo poderá ser obxecto dunha nova prórroga mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma."

E en sinal de conformidade, asínase por triplicado este acordo de prórroga, no lugar e data arriba indicados.

13(1485).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 24596/220.

Visto o informe de fiscalización do 12.12.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 18.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Outubro-2013 e que ascenden a un total 531,31 € (cincocentos trinta e un euros con trinta e un céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

14(1486).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE D. FRANCISCO J. RODRÍGUEZ BARBOSA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24613/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.12.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 22.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Francisco J. Rodríguez Barbosa do servizo de Medio Ambiente, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura no informe que se achega no expediente, por un importe total de 13'52 € correspondentes ó 3º trimestre de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

15(1487).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 24597/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.12.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 18.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Javier Fernández Riveiro, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente e que ascende a un total de 9'08 euros (nove euros con oito céntimos), correspondente ao mes de Outubro de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

16(1488).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:

A) RESOLUCIÓN DE DATA 01.12.2013, RELATIVO A ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA DA. MA. ANGELES LANDÍN LORENZO. EXPTE. 24450/220.

Dase conta da devandita resolución, que di o seguinte:

A vista da solicitude do Presidente do Tribunal Económico Administrativo de data 23 de abril de 2013, relativo a encomenda da realización das funcións administrativas do T.E.A a funcionaria D^a M Angeles Landin Lorenzo, N.P. 81470, toda vez que en data 26 de marzo de 2013 autorizouse a excedencia por coidado de fillo a administrativa adscrita ao T.E.A D^a Maria Dolores Capelo Gonzalez;

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

Primeiro.- Encomendar provisionalmente a funcionaria D^a. M Angeles Landin Lorenzo, N.P. 81470, con posto Codg 140 "Auxiliar Administrativo", funcións correspondentes ao posto de administrativo no T.E.A., con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Presidente de dito Tribunal

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos, e en todo caso ata a incorporación da administrativa adscrita ao Tribunal Económico Administrativo da súa excedencia por coidado de fillo, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Xefatura do Servizo, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) RESOLUCIÓN DE DATA 26.11.2013 DE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DA AUX. ADMITIVA. DA. MARTA MA. GONZÁLEZ TORRES AO POSTO 188-AUXILIAR AL-CALDÍA. EXPTE. 24618/220.

Dase conta da devandita resolución, que di o seguinte:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente á auxiliar de administración xeral D^a. MARTA M^a. GONZÁLEZ TORRES, nº persoal 79497, ao posto cód. 188-Auxiliar Alcaldía, no Servizo da Alcaldía, cód. 101.

Segundo.- Consecuencia da referida adscripción, desempeñará as funcións xerais do posto de auxiliar da Alcaldía, aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión do 4 de outubro de 2007.

Terceiro.- Da presente resolución, que surtirá efectos dende o 19 de novembro pasado, dese traslado á interesada, Director do Gabinete da Alcaldía, Servizo de Recursos Humanos (técnico de Planificación e Organización de RR.HH e Negociado de Seguridade Social), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) RESOLUCIÓN DE DATA 28.11.2013 DE CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO D. JOSÉ MANUEL LEMOS ABREU. EXPTE. 24644/220.

Dase conta da devandita resolución, que di o seguinte:

Primeiro.- Autorizar a D. José Manuel Lemos Abreu, con DNI nº 44.476.872-R e nº persoal 78757, un permiso non retribuído durante 1 ano, con efectos a partir do 01/12/2013, debendo reincorporarse ao servizo o día 30/11/2014, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

De conformidade co establecido na Lei 17/2012, de 17 de decembro, só se poderá reforzar o servizo nos casos excepcionais previstos na mesma.

Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Sr. Intendente Xefe da Policía Local, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17.- NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE PROTECCIÓN CIVIL. EXPTE. 87689/210.

Con data 16.12.13, o xefe da Área de Mobilidade e Seguridade emite o seguinte informe:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réximen local, establece no seu artigo 26.1.c) en concordancia co disposto no artigo 81.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a protección civil como un servizo de prestación obrigatoria nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

A organización e funcionamento da agrupación de voluntarios de protección civil, en adiante AVPC, ríxese polo establecido no Regulamento da AVPC de Vigo, aprobado por acordo plenario en data 29/10/2001.

A agrupación municipal de protección civil depende directamente do Alcalde como Xefe Local de protección civil, non obstante, ten delegado o exercicio das súas facultades no Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade en virtude da Resolución de data 07/02/2013.

Con data 02/09/2013, o Presidente da Xunta Directiva da AVPC comunica ao Concello de Vigo a súa dimisión voluntaria do cargo. Considerando que o artigo 13 do Regulamento Municipal establece que a elección dos membros da xunta directiva farase de xeito democrático e en assemblea convocada ao efecto, cómpre designar unha xunta xestora provisional que asuma as funcións da xunta directiva unicamente ata a elección democrática desta, elección que deberase producir coa máxima celeridade.

Á vista do exposto e de conformidade co disposto na lexislación de réxime local, PROPONSE

I) Nomear como membros da Xunta Xestora Provisional a:

- Don Alberto Rodríguez Rey, con DNI 35991804- R*
- Don Jaime Rivas González, con DNI 36098013- L*
- Dona Tamara Pérez Tizón, con DNI 53173959- Y*
- Don Marcos Vega Ariza, con DNI 39461058- G*
- Don José María Sierra Rey, con DNI 36067565- T*

II) Comunicar a presente resolución aos interesados e proceder a súa inmediata publicación na web oficial e no tablón de anuncios da sede da Agrupación de Voluntarios Protección Civil de Vigo.

III) A presente resolución entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación.

IV) Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.

Con data 17.12.13 o concelleiro-delegado de Mobilidade resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

18(1489).- DAR CONTA DO INFORME ANUAL SOBRE OS ACTOS DE DISPOSICIÓN E ADMINISTRACIÓN DOS BENS INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1770/443.

Dáse conta do informe da técnico de Admón. Xeral, do 19.12.13, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- A Xerencia Municipal de Urbanismo ostenta a titularidade fiduciaria dos bens integrantes do patrimonio municipal do solo do Concello de Vigo, podendo exercer sobre eles as facultades e potestades propias do dominio, consonte o disposto nos arts. 2.4.B.1 e 20.1 dos vixentes Estatutos, na súa redacción aprobada polo Concello de Vigo en Pleno de 06.09.2010 (BOP. n.º 193, de 06.10.2010).

Estatutariamente, a competencia para o ditado de actos de disposición do PMS está atribuída ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (art. 10.2), polo que os procedementos tramitados pola Xerencia para o alleamento, permuta e gravame de bens do PMS, así como os procedementos para a súa cesión onerosa ou gratuíta, son resoltos por este órgano.

II.- A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), conceptúa o PMS como un patrimonio separado, que ten como finalidade obter reservas de solo para actuacións de iniciativa pública, facilitar a execución da ordenación territorial e urbanística, e contribuír á regulamentación do mercado de terreos destinados ao desenvolvemento urbanístico (art. 174.1).

Tocante aos bens que integran ese patrimonio separado, o art. 176.1 da Lei antedita preceptúa que forman parte do PMS os seguintes bens:

“a) Los bienes patrimoniales que resultasen clasificados por el planeamiento urbanístico como suelo urbano o urbanizable.

b) Los terrenos y las edificaciones o construcciones obtenidas en virtud de las cesiones correspondientes a la participación de la administración en el aprovechamiento urbanístico, así como las adquisiciones de bienes o dinero obtenidos con ocasión de la gestión urbanística.

c) Los terrenos y las edificaciones o construcciones adquiridos, en virtud de cualquier título y en especial mediante expropiación, por la administración titular con el fin de su incorporación al correspondiente patrimonio de suelo y los que lo sean como consecuencia del ejercicio de los derechos de tanteo y retracto previstos en la presente ley.

d) Cesiones en especie o en metálico derivadas de deberes u obligaciones, legales o voluntarias, asumidos en convenios, concursos públicos o plasmadas en instrumentos de gestión urbanística.

e) Los ingresos obtenidos mediante enajenación de terrenos incluidos en los patrimonios públicos de suelo.”

III.- O art. 20.4 dos Estatutos prevé que a Xerencia Municipal de Urbanismo elevará anualmente á Xunta de Goberno Local un informe comprensivo dos actos de disposición e administración do PMS.

Entre os actos de natureza dispositiva, cabe sinalar os indicados no apartado I do presente informe (alleamento, permuta, gravame e cesión), que entrañan a perda da plena disposición do ben de forma permanente ou temporal, ou ben limitacións dispositivas en beneficio de terceiros.

As parcelas expropiadas -ou partes das mesmas- que revertan nos expropiados por non terse executado a obra ou non terse destinado ao servizo que motivou a expropiación, en tanto en canto perden a nota da intransmisibilidade propia dos bens demaniais, cabe entender que se transforman en bens patrimoniais, interpretación que se ve reforzada pola propia dicción do art. 54 da Lei de expropiación forzosa, de 16 de decembro de 1964 -LEF-, que prevé o mesmo tratamento para os supostos de desafectación que para os de exceso de expropiación ou falta de execución da obra ou implantación do servizo que motivou a expropiación.

En consecuencia, a teor do disposto no art. 176.2.a da LOUGA antes transcrito, se están clasificados como solo urbano ou urbanizable terían a condición de bens integrantes do PMS; sen prexuízo de que estes actos de natureza dispositiva teñen carácter regulado, e a súa competencia corresponde á propia Xunta de Goberno Local, a efectos sistemáticos recolleranse os máis recentes dos que se ten constancia polo técnico que subscribe.

Como actos de administración, cabería sinalar os realizados para a adecuada xestión e mantemento dos bens, así como para a súa explotación económica consonte ao seu destino; dentro desta categoría cabería incluír os negocios xurídicos de cesión de uso onerosos (arrendamento) ou gratuítos (precario ou comodato), ou calquera outro que non supoña a perda do poder dispositivo sobre o ben nin do seu valor.

III.A.- Actos dispositivos

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou os seguintes actos dispositivos sobre bens do PMS, en exercicio das atribucións conferidas polos seus Estatutos:

ALLEAMENTO DA PARCELA 263 DO PMS	
N.º expediente	5142/407
Data do acordo	23.12.2011
Adxudicatario	CMVMC Cabral – NIF V36709590
Prezo	198.000 euros máis IVE
Superficie parcela	714,12 m ²
Data escritura	09.01.2012
Notario	D. José Antonio Rodríguez González
N.º protocolo	24

ALLEAMENTO do 9,60% en proindiviso da parcela 11.2-13.5.2 «U.E I-01 VILLALaura»	
N.º expediente	1697/433
Data do acordo	01.03.2013
Adxudicatario	RURALES UNIDOS, SLU – NIF B36810810
Prezo	52.207,66 euros máis IVE
Superficie parcela	9,60% de 163,75 m ²

Data escritura	06.05.2013
Notario	D. José Antonio Rodríguez González
N.º protocolo	676

CESIÓN GRATUÍTA PARCELAS 4A E 4B 1ª FASE CIDADE UNIVERSITARIA	
N.º expediente	1744/433
Data do acordo	21.06.2013
Cesionario	UNIV. DE VIGO – NIF Q8650002B
Prezo	gratuíta
Superficie parcelas	4A: 251.475 m ² 4B: 13.137 m ²
Data escritura	14.10.2013
Notario	D.ª Mónica Alba Castro
N.º protocolo	946

Así mesmo, ditáronse os seguintes acordos de transmisión de bens do PMS, pendentes da formalización da escritura pública ou documento administrativo de transmisión:

ALLEAMENTO PARCELA 049PMS CON DESTINO A VPA DE RÉXIME XE- RAL	
N.º expediente	1698/433 (lote 1)
Data do acordo	01.03.2013
Adxudicatario	CYP PROMOCIÓN PONTEVEDRA, S.L. NIF B27735786
Prezo	831.002,60 euros máis IVE
Superficie parcela	836 m ²
Datos escritura	Suspensión do prazo para o outorgamento

ALLEAMENTO PARCELA 167PMS CON DESTINO A VPA DE RÉXIME XE- RAL	
N.º expediente	1698/433 (lote 5)
Data do acordo	01.03.2013
Adxudicatario	FERSUAR, S.L. NIF B36723609
Prezo	154.427,36 euros máis IVE
Superficie parcela	218,45 m ²
Datos escritura	Suspensión do prazo para o outorgamento

TRANSMISIÓN A ADIF DE 10 VIVENDAS MUNICIPAIS EN CUMPRIMEN- TO DE CONVENIO EXPROPIATORIO DE 1994	
--	--

N.º expediente	1754/433
Data do acordo	01.03.2013
Expropiado	RENFE (hoxe ADIF)
Identificación das vivendas a transmitir	Rúa República Argentina, 12-14 Piso 9º: tipos B, C Piso 8º: tipos A, B, C, D, E, F Piso 7º: tipos A, F

Tocante á reversións expropiatorias citadas no apartado anterior, acordadas pola propia Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, tense constancia das seguintes:

REVERSIÓN DE PARTE DA PARCELA 662-E DO PROXECTO EXPROPIATORIO DE MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO AEROPORTO DE VIGO	
N.º expediente	12755/411
Data do acordo XGL	21.02.2011
Reversionista	D. Cándido Crespo Figueroa NIF 35940301H
Indemnización reversional	48.473,10 euros
Data de pagamento	18.04.2012
Superficie revertida	254,00 m ²

REVERSIÓN DE PARTE DA PARCELA E-033 DO PROXECTO EXPROPIATORIO PARA O ENSANCHE E MELLORA DA R/ SEVERINO COBAS	
N.º expediente	156/413
Data do acordo XGL	12.07.2013
Reversionista	D.ª Yolanda Agulla Fernández e outra- NIF 36070449D
Indemnización reversional	0 euros (convenio)
Superficie revertida	28,00 m ²

Así mesmo, por resolución da Vicepresidenta da XMU de 22.11.2013, da que tomou coñecemento o Consello da XMU en sesión de 29.11.2013, ordenouse o inicio dos trámites para o alleamento de vivendas municipais das 40 restantes da rúa República Argentina 12-14.

III.B.- Actos de administración

1.- Aprobación do Inventario do Patrimonio Municipal do Solo (IPMS)

O Concello de Vigo, en Pleno de 29.10.2012, aprobou inicialmente o IPMS, aprobación que deveu definitiva por non terse presentado reclamacións no período de información pública, consonte o disposto no punto Segundo da súa parte dispositiva, segundo Resolución declarativa do Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 08.01.2013, da que tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.01.2013.

O IPMS está suxeito á súa continua actualización e depuración, xa que procede dar de baixa as parcelas que se vaian alleando, e dar de alta aquelas propiedades municipais que consonte o disposto no art. 176 da LOUGA formen parte do patrimonio municipal do solo do Concello de Vigo.

2.- Actos de administración das 35 VPP do portal 1 do nº 17 da rúa Teixugueiras (Navia)

a) En primeiro lugar, cómpre salientar que o Concello de Vigo se atopa ao día no pagamento das cotas da Comunidade de Propietarios, e que dende o 01.08.2013 ten vixente un contrato de seguro de incendios e outras coberturas sobre a totalidade das vivendas municipais no inmovible, a fin de cumprir co preceptuado ao efecto na Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

b) Por Decreto do Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 14.02.2013, do que tomou coñecemento o Consello da XMU en sesión de 22.02.2013 (exp. 34/433) designouse ao técnico de administración xeral da Oficina Municipal de Vivenda e Solo a fin de que asista ás sesións da Asemblea da Comunidade de Propietarios, para a mellor xestión das vivendas e desenvolvemento da relación da natureza civil entre o Concello de Vigo e a Comunidade de Propietarios.

c) Por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de en sesión ordinaria de 10.03.2011, acordou destinar a arrendamento 28 vivendas municipais das 35 obtidas por cesión do Instituto Galego da Vivenda e Solo dos inmovibles construídos na parcela XVIII-A do Plan Parcial de San Paio de Navia, e reservar as 7 restantes “[...] para a atención a colectivos especialmente desfavorecidos ou en situacións de emerxencia social” (exp. 35/433).

A apertura do procedemento de selección dos adxudicatarios foi publicada no BOP de Pontevedra n.º 63, de 31.03.2011. Logo dos trámites oportunos, o 15.11.2012 celebrouse o sorteo no Auditorio Mar de Vigo perante o notario D. Jaime Romero Costas. O resultado do sorteo consta na acta levantada polo notario autorizante, obrante ao n.º 1291 do Protocolo da súa razón, presentada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo o 20.11.2012 (DOC. 120136692).

A asignación das vivendas concretas, xunto co clausulado dos contratos de arrendamento, foron aprobados polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 21.01.2013, e os contratos foron asinados polos adxudicatarios o 31.01.2013.

Do citado procedemento queda por adxudicar a vivenda 1ºD. O adxudicatario inicial renunciou á mesma, e as dúas persoas suplentes por orde de lista desistiron do procedemento de adxudicación (acordo do Consello da XMU de 18.10.2013). A terceira persoa suplente foi excluída por acordo do Consello da XMU de 31.10.2013, por incumprir o requisito de empadroamento no termo municipal de Vigo de todos os membros da unidade familiar, consonte o disposto nas Bases que rexen a convocatoria (Base 16ª.1, en relación coa Base 6ª.2 e 10ª.b).

d) O 10.05.2013, o Consello da XMU acordou aprobar o Programa para o realoxamento transitorio de desafiuizados hipotecarios (exp. 1751/433), e afectar ao mesmo as 7 VPP de titularidade municipal en Navia que foran reservadas para a atención a colectivos especialmente desfavorecidos.

Consonte a este programa, o Concello cede aos que resulten adxudicatarios, de forma gratuíta, o uso dunha vivenda municipal durante o prazo máximo de 24 meses (prorrogables por causa xustificada durante 6 meses adicionais), para que sirva de realoxamento transitorio tras o procedemento de desafiuizamento; os adxudicatarios unicamente teñen que facer fronte aos

gastos inherentes ás vivendas, e depositar na XMU 50 euros mensuais en concepto de garantía, cuxo saldo acumulado será restituído ao finalizar o préstamo de uso (comodato), se procede.

Logo dos trámites previstos no Programa, por acordo do Consello da XMU de 11.10.2013 adxudicáronse as vivendas designadas aos 5 solicitantes que cumprían os requisitos e aprobáronse as cláusulas do contrato de préstamo de uso, que foron asinados o 25.10.2013.

Deste procedemento quedaron dúas vivendas desertas, ambas adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

2.- Actos de administración das 50 vivendas municipais da rúa República Arxentina, 12-14

Como se indicou con anterioridade, 10 das vivendas anteditas están comprometidas para a súa entrega a ADIF, en cumprimento dun convenio expropiatorio de 1994, que se atopaba pendente por mor -entre outros motivos- de que o edificio carecía de licenza de primeira ocupación.

Por Decreto do Alcalde-Presidente da XMU de 18.06.2013, do que tomou coñecemento o Consello da XMU en sesión de 28.06.2013, designouse ao técnico de administración xeral da Oficina Municipal de Vivenda e Solo a fin de que asista ás sesións da Asemblea da Comunidade de Propietarios da rúa República Arxentina, 12-14 (exp. 1756/433).

Actualmente, segundo información proporcionada polo departamento de Servizos Centrais, o Concello de Vigo atópase ao corrente no pagamento das cotas ordinarias da Comunidade de Propietarios (exp. 7110/407).

IV.- O art. 109.1 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais -ao igual que o art. 276.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e o art. 79.1 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)-, prevé que as entidades locais deben dar conta ao órgano competente da Administración autonómica dos actos de disposición de bens inmobles que se realicen.

A previsión ao respecto do RBEL, indica que os actos dispositivos deber ter sido realizados, sen ben ante a teoría contractualista imperante na doutrina, non bastaría coa firmeza do acto administrativo de carácter dispositivo, senón que o contrato debe ter sido formalizado, xa sexa por escritura pública (suposto xeral) ou en documento administrativo, (nos casos en que así o permita a normativa reguladora).

Esta dación de conta non se conceptúa pola normativa como un requisito para a produción do acto administrativo de natureza dispositiva, ao contrario do que se prevé para os supostos en que o valor do ben a transmitir supere o 25% dos recursos ordinarios do orzamento da corporación, en cuxo caso resulta preceptiva a autorización previa do órgano competente da Administración da Comunidade autónoma.

En consecuencia, esta dación de conta non incide nin na validez nin na eficacia dos actos administrativos nin da escritura pública ou documento administrativo en que se plasme o negocio xurídico, se ben é un trámite de natureza formal que debe ser realizado con carácter previo ao arquivo dos expedientes finalizados.

Coa remisión á Xunta de Goberno Local do informe, a Xerencia Municipal de Urbanismo culmina os trámites dos expedientes finalizados, a excepción da dación de conta antedita, polo que

resulta procedente que se remita así mesmo á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, a fin de dar atento cumprimento ao preceptuado nas normas anteditas.

PROPOSTA

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o ditado do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: *Tomar coñecemento do informe elaborado pola Oficina Municipal de Vivenda e Solo, relativo aos actos dispositivos e de administración do patrimonio municipal do solo, en cumprimento do disposto no art. 20.4 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

SEGUNDO: *Dar conta á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia dos alleamentos producidos en inmobles do patrimonio municipal do solo relacionados no apartado III.A do informe anteriormente indicado, aos efectos do disposto no art. 109.2 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e no art. 276.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no art. 79.1 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

19(1490).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 592,90 € A FAVOR DE D. AQUILINO MOLINA VALÍN. EXPTE. 87694/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, do 23.12.13, conformado polo concelleiro-delegado a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a favor de D. Aquilino Molina Valín (Transportes Molina), con N.IF. 35.985.317-T unha indemnización substitutiva por importe de 592,90 EUROS (IVE engadido), pola prestación efectiva do servizo de transporte e sinalización con valados e conos en casos de desprendemento de fachadas, derrubes de edificios ou emerxencias e imprevistos, as 24 horas do día, durante o período comprendido entre

os meses de abril e maio, segundo as facturas nº 2045 e 2047, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2º.- Recoñecer o dereito da citada mercantil, a percibir a cantidade reseñada polo referido concepto con cargo á partida 1330 2279905, Estudos e traballos técnicos.

20(1491).- EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 197, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO PROCEDIMENTO INTERPOSTO POR D. CAMILO ÁLVAREZ CRESPO. EXPTE. 24672/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 20.12.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Réxime Interior, do 12.12.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 27/11/2013 recíbese comunicación da Asesoría Xurídica Municipal de sentenza nº 197/13, de 23 de setembro, dictada no procedemento 137/2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo, interposto por D. Camilo Alvarez Crespo, en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.*

2.- *Na indicada sentenza fallase literalmente: “Que estimando como estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. Camilo Alvarez Crespo frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado número 137/2013 ante este Juzgado; en consecuencia, debo declarar y declaro que el demandante obtuvo, por silencio administrativo positivo, el derecho a percibir el incentivo por jubilación anticipada por importe de 9.000 euros, contenido en la petición dirigida al Concello en fecha 23.10.2012; en consecuencia, condeno a la Administración municipal demandada a ejecutar ese acto administrativo firme mediante el pago de la meritada suma dineraria”.*

3.- *Dita sentenza manifesta así mesmo que dada a contía do pleito é firme e que contra a mesma non cabe interpoñer recurso ordinario ningún, reiterado polo Servizo de Asesoría Xurídica no seu escrito de data 26/09/2013 e que corresponde a este Servizo de Recursos Humanos executar en tempo e forma o resolto, procédese á emisión de informe-proposta de resolución ao obxecto de proceder a súa execución.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. *O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignan; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.*

II.- *A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carác-*

ter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 9.000 € con cargo a partida 22101610400 "reserva para xubilación anticipada".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Executar a Sentenza nº 197/13, do 23 de setembro de 2013, dictada no procedemento abreviado 137/2013, do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos de Vigo e consecuentemente dispoñer o abono da contía de 9.000 € a D. Camilo Alvarez Crespo, con DNI 36.024.381-X, que deberá ingresarse na conta do interesado nº 0072 8103 27 0700023560, segundo certificación anexada ao presente expediente.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo aos oportunos efectos, a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1492).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.257,44 € A FAVOR DE ECOVIGO PUBLICIDAD. EXPTE. 12736/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.12.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.12.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo gasto que figura na factura nº A2013-0274 que se achega ao expediente, por un importe total de 13.257,44 € (trece mil douscentos cincuenta e sete mil euros con coarenta e catro céntimos), a favor de Ecovigo Publicidad, S.L., co CIF: B36614808 que deben ser imputados á partida orzamentaria 3410.226.02.00 “Promoción e Fomento do deporte”, do orzamento da concellería de Deportes para o presente exercicio económico.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da Ecovigo Publicidad, S.L., CIF: B36614808, por un importe total de 13.257,44 €, en concepto de prestación do servizo de inserción publicitaria nos xornais Faro de Vigo e Atlántico Diario, co gallo da permanencia do R. C. Celta de Vigo, SAD, con data 2 de xuño, con cargo á partida 3410.226.02.00 “Promoción e Fomento do Deporte”.

3º.- Pagar a Ecovigo Publicidad, S.L., CIF B36614808, a factura nº A2013-0274, que se achega ao expediente, por un importe total de 13.257,44 € (trece mil douscentos cincuenta e sete mil euros con coarenta e catro céntimos), con cargo á partida con cargo á partida 3410.226.02.00 “Promoción e Fomento do Deporte”.

22(1493).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.